

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Maio 2007

COMUNICADO

Significativo descenso do gasto total e do gasto diario medio por persoa dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia en maio de 2007 respecto ao mesmo mes do ano anterior

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia descendeu en maio de 2007 nun 11,9% en taxa interanual.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” de maio de 2007, o importe do gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos foi de 38,1 millóns de euros, o que supuxo un descenso do 11,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Segundo a categoría dos establecementos hoteleiros o gasto total dos viaxeiros descendeu en todas as categorías consideradas agás na de cinco estrelas. Así, en maio de 2007 o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de catro e tres estrelas descendeu nun 12,5% e 15,2% respectivamente. Pola contra, o gasto total aumentou nun 2,8% na categoría de cinco estrelas.

A taxa de variación do gasto total acumulada no que vai do ano foi de -6,7%.

A variación acumulado é do -6,5% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

En maio de 2007 descende nun 9,7% interanual o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia.

O gasto diario medio por persoa situouse en maio de 2007 en 119,3 euros, experimentando un descenso interanual do 9,7%.


Nos establecementos hoteleiros de cinco estrelas o gasto diario medio por persoa ascendeu a 199,1 euros, experimentando en maio de 2007 un descenso interanual do 11,0%. Nas categorías de catro e tres estrelas o gasto diario medio por persoa foi de 131,2 e 100,0 euros respectivamente, experimentando variacións de -14,4% e -5,7% respecto ao rexistrado en maio de 2006 en cada caso.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Maio 2007. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	38.115,5	-11,9%	-6,7%
Gasto diario medio por persoa (euros)	119,3	-9,7%	-6,7%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	38.115,5	-11,9%	-6,5%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 Fax: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>